

Presentación da materia/módulo

Materia	Literatura Universal	Curso	1º BAC
----------------	-----------------------------	--------------	---------------

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1ª Avaliación	<p>Da Antigüidade á Idade Media: As mitoloxías e a orixe da literatura.</p> <p>Renacemento e Clasicismo:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Os cambios do mundo e a nova visión do home durante o Renacemento. – A lírica do amor: o petrarquismo. Orixe: a poesía trovadoresca e o <i>Dolce Stil Nuovo</i>. A innovación do Cancioneiro de Petrarca. – A narración en prosa: Boccaccio. – Teatro clásico europeo. O teatro isabelino en Inglaterra. Comezo do mito de Fausto dentro da literatura. Observación das relacións existentes entre as obras de teatro clásicas e as obras de diferentes xéneros musicais e cinematográficos que xurdiron a partir delas
2ª Avaliación	<p>O Século das Luces:</p> <ul style="list-style-type: none"> – O desenvolvemento do espírito crítico: a Ilustración. A Enciclopedia. A prosa ilustrada. – A novela europea no século XVIII. Os herdeiros de Cervantes e da picaresca española na literatura inglesa. <p>O movemento romántico:</p> <ul style="list-style-type: none"> – A revolución romántica: conciencia histórica e novo sentido da ciencia. – O Romanticismo e a súa conciencia de movemento literario. Precusores: Goethe. – A poesía romántica e a novela histórica. – Observación das relacións existentes entre as obras literarias do romanticismo e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.
3ª Avaliación	<p>A segunda metade do século XIX:</p> <ul style="list-style-type: none"> – Da narrativa romántica ao Realismo en Europa. Literatura e sociedade. Evolución dos temas e as técnicas narrativas do Realismo. Principais novelistas europeos do século XIX. – O nacemento da gran literatura norteamericana (1830-1890). Da experiencia vital á literatura. O renacemento do conto. – O arranque da modernidade poética: de Baudelaire ao Simbolismo – A renovación do teatro europeo: un novo teatro e unhas novas formas de pensamento. – Observación das relacións existentes entre as obras literarias deste período e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas. <p>Os novos enfoques da literatura no século XX e as transformacións dos xéneros literarios:</p> <ul style="list-style-type: none"> – A crise do pensamento decimonónico e a cultura de fin de século. A quebra da orde europea: a crise de 1914. As innovacións filosóficas, científicas e técnicas e a súa influencia na creación literaria. – A consolidación dunha nova forma de escribir na novela. Estudo das técnicas narrativas. – As vangardas europeas. O surrealismo. – A culminación da gran literatura americana. A xeración perdida. – O teatro do absurdo e do compromiso. – Observación das relacións existentes entre as obras desta época e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas. – A culminación da gran literatura americana. A xeración perdida. – Observación das relacións existentes entre as obras desta época e as obras de diferentes xéneros musicais, cinematográficos e teatrais que xurdiron a partir delas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Probas escritas	70%
Traballos	30%

Exames: 70 %

En cada avaliación haberá dous exames relacionados cos contidos e coas lecturas traballadas no trimestre; valorarase non só a asimilación dos conceptos fundamentais senón tamén a adquisición dos procedementos necesarios para o estudo da literatura, especialmente a análise e comentario de texto. En caso de suspender algunha das probas realizadas a longo do trimestre, o alumno deberá realizar un exame ao final da avaliación no que entrará toda a materia dada nese trimestre. Poderá descontarse ata 1 punto pola incorrección ortográfica ou por erros continuados na utilización dos signos de puntuación ou na redacción. Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).

Traballos: 30%

En cada avaliación realizarase un ou dous traballos monográficos sobre algún aspecto do temario ou das lecturas propostas:

1ª AVALIACIÓN: SHAKESPEARE, William: *Romeo e Xulieta*

2ª AVALIACIÓN: POE: *Selección de contos.*

3ª AVALIACIÓN: SHELLEY, Mary: *Frankenstein ou o moderno Prometeo*

A nota da avaliación sairá da suma de: media das notas dos exames de avaliación máis a nota dos traballos ou control de lectura. A materia non é acumulativa, isto quere dicir que haberá exames de recuperación ao comezo do seguinte trimestre.

A nota final será a media aritmética entre as tres avaliacións.

PROBA DE EXTRAORDINARIA:

Aqueles/as alumnos/-as que non aproben a materia na proba ordinaria, examinaranse de todo o temario nas probas extraordinarias. Esta proba constará de preguntas teóricas sobre os xéneros e épocas estudadas e dun comentario de texto que poderá ser guiado ou libre. No exame poderán facerse preguntas sobre as lecturas obrigatorias. A corrección na expresión escrita será un requisito básico para aprobar. Poderá descontarse ata 1 punto pola incorrección ortográfica ou por erros continuados na utilización dos signos de puntuación ou na redacción. Descontarase 0.1 punto por cada falta de ortografía non repetida e por cada erro no léxico, e 0.1 por cada dous erros non repetidos no uso do acento gráfico (acentos que faltan ou que sobran).